

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

[webs.uvigo.es/fft](http://webs.uvigo.es/fft)  
[sdfft@uvigo.es](mailto:sdfft@uvigo.es)

## Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión  
de Calidade  
30 de maio de 2016**

**Asistentes:****Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

**Secretaría**

Susana Rodríguez Barcia  
Beatriz Rodríguez Rodríguez  
(Coordinadora durante o permiso de maternidade  
Susana R. Barcia)

**Enlace de igualdade**

María del Carmen Cabeza  
Pereiro

**Membros da CC****PDI**

Inmaculada C. Báez Montero  
Jorge Figueroa Dorrego  
Francisco José Ledo Lemos  
Lourdes Lorenzo García  
Ana Luna Alonso  
José Montero Reguera  
Ana María Pereira Rodríguez  
Antonio Rifón Sánchez  
Rexina Rodríguez Vega (en substitución de Miguel Cuevas)  
Elena Sánchez Trigo  
Elena Celsa Seoane Posse  
Eduardo Varela Bravo  
Nuria Yáñez Bouza

**Sector PAS**

Alberto Pérez Pereira

**Desculpan**

Miguel Cuevas Alonso  
Xoan Montero Domínguez  
Joan Miquel Vergés

**Non asisten**

Carmen Becerra Suárez  
Xosé Henrique Costas  
González  
Cristina López Pais (sector alumnado)  
Julián Rial Lago (sector alumnado)

**Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 30 de maio de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade**

Ábrese a sesión ás 10:40h

**ORDE DO DÍA****1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 12 de maio de 2016.**

A Acta da reunión ordinaria da CC do 12 de maio de 2016 apróbase por asentimento.

**2. Aprobación dos plans de mellora do Grao en Lingua Estranxeira e do Grao en Tradución e Interpretación requiridos para culminar o proceso de acreditación dos títulos.**

O “Plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Grao en Tradución e Interpretación” e o “Plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Grao en Lingua Estranxeira” son aprobados por asentimento. Estes plans serán enviados a ACSUG dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo en tempo e forma. Asimismo, os plans serán ratificados na Xunta de Facultade celebrada o 3 de xuño de 2016.

**3. Rolda aberta de intervencións.**

A primeira intervención, da profesora Elena Sánchez Trigo, ten que ver coa avaliación por compensación, en concreto co que respecta á presentación do TFG na oportunidade de xullo por parte do estudiantado implicado. Conclúese tras a exposición da situación que vaise estudar dende o equipo decanal a flexibilización dos prazos de xullo para dar de alta a defensa de TFG dende a aplicación telemática.


A profesora Inmaculada Concepción Báez intervén para coñecer o modo en que se xestionan a composición das CAM. Tras as indicacións enviadas por correo electrónico por parte do decano da facultade, requiriuse ás CAM que nomearan un representante da facultade (parte do equipo decanal) como membro das CAM. A profesora comenta que se pode ser un membro calquera da FFT ou debe ser necesariamente parte do equipo decanal. O decano indica que tratará de solucionar esta dúbida, pero aclara que no resto de mestrados a proposta vincúllase cun representante do equipo decanal. As propostas recibidas serán ratificadas na Xunta de Facultade celebrada o 3 de xuño de 2016.

Finalmente, a profesora Ana Pereira sinala a necesidade de contar xa co Calendario Académico 2016-2017 para poder dar as indicacións pertinentes dende as coordinacións dos graos para poder elaborar as guías docentes. Os temas máis relevantes neste sentido son: a aprobación dun calendario de exames e a disposición das semanas de traballo autónomo. Luis Alonso expón a situación, na que parece claro un sentir xeneralizado con respecto a contar de novo cun calendario de exames e coa disposición noutras datas das semanas de traballo autónomo. Tras esta exposición ábrese o debate, no que a profesora Elena Sánchez Trigo expresa a súas dúbdidas con respecto a que se entenda correctamente a que tipo de probas está destinado o calendario de exames que se quere elaborar (sobre todo en canto a se remite a avaliación única ou continua, ou a ambas). A vicedecana de calidade e o decano explican que o calendario busca evitar saturacións e solapamentos na programación de datas de exames a finais de cada cuatrimestre, e que os docentes poden empregar esas datas para a modalidade de avaliación única e para as probas tipo “exame” da avaliación continua, no caso de que estas se dispoñan na última semana do cuatrimestre. A profesora Elena Seoane insiste na utilidade do calendario, que evitará estes solapamentos e acumulacións excesivas de probas nas últimas semanas de decembro e maio respectivamente. Tras unha serie de intervencións nun e noutro sentido, Elena Sánchez Trigo solicita que se denomine “Calendario de exames de avaliación única”, pero membros da comisión como Elena Seoane ou Jorge Figueroa Dorrego, así como a vicedecana de calidade, insisten en que esta denominación resultaría restrictiva e non respondería aos requerimentos expresados polo alumnado en canto a dispor dun calendario que poida utilizarse para organizar probas de avaliación tipo “exame” ao final dos cuatrimestres. O calendario e a nova disposición das semanas de traballo autónomo proporanse e someteranse a aprobación por parte da Xunta de Facultade o día 3 de xuño de 2016.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11: 35 h.


Vigo, 30 de maio de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupo

A Secretaria (Vicedecana de  
Calidade)



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,  
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade  
celebrada o día 5 de xullo de 2016.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución



Beatriz Mª Rodríguez Rodríguez